







“FACENDO HISTORIA”

PARTICIPACIÓN POR SABER-QUERER-PODER 	 TEMA	 FINALIDADE DA ACTIVIDADE	 DURACIÓN	 MATERIAIS	 OBXECTIVOS
	Como participar? Niveis e pasos	Crear cómic sobre historias de participación de mozas e mozos	45-60´	Plantilla cómic, folios e pinturas	Coñecer cales son os pasos dun proceso participativo Reflexionar sobre a nosa implicación nos diferentes pasos a seguir para exercer o dereito a participar

OLA, EQUIPO EDUCATIVO!

a participación de mozas e mozos é un proceso e unha aprendizaxe gradual que requiren como condición fundamental que “saiban”, “poidan” e “queiran” participar?

Todos os procesos participativos teñen como característica común que se escoite ás nenas, nenos e adolescentes e téñase en conta a súa opinión, pero varían os NIVEIS dependendo da medida na que interveñen e implicanse: estar informada, ser escoitada, ser consultada, dialogar e acordar as decisións, etc.

Canto máis profundo é o nivel de participación, maior é a capacidade de influir na toma de decisións e maior oportunidade de desenvolvemento persoal.

Os PASOS dun proceso participativo adoitan resumirse en:

- ➔ 1º Observar e escoitar: analizar que pasa na contorna.
- ➔ 2º Opinar e propoñer: reflexionar e achegar ideas para mellorar a situación.
- ➔ 3º Planificar e pasar á acción: actuar levando a cabo as ideas.
- ➔ 4º Dar a coñecer e avaliar: valorar se se produciu algún cambio social.

OLA, MOZAS E MOZOS! INVITÁMOVOS A...

que creedes unhas historias de cómic sobre como debería ser participar para as mozas e mozos.

- ➔ 1º Collede a ficha do cómic no que veredes que está a introdución á historia na primeira viñeta e o final da historia na última viñeta. Podedes facelo de maneira individual, por parellas ou pequenos grupos.
- ➔ 2º Pensade na historia que queredes contar sobre como participan as mozas e mozos e facede un pequeno borrador (tipos tory board): que personaxes aparecerán, en que lugar ocorre a historia, como dividiredes as escenas co número de viñetas dispoñibles, etc.
- ➔ 3º Debuxade o cómic. Podedes turnaros entre as persoas que compoñedes o grupo para ir debuxando as distintas viñetas.
- ➔ 4º Poñede en común as historias que fixo cada persoa ou grupo e abrede un coloquio...

...para reflexionar

- ➔ De que depende que as mozas e mozos participen máis ou menos na toma de decisións?
- ➔ Creedes que a opinión das mozas e mozos ten que ter o mesmo peso que a opinión das persoas adultas na toma de decisións? Por que?

- ➔ Que pensades da maneira na que as mozas e mozos participan xunto coa poboación adulta?
- ➔ Que persoas adoitan favorecer máis a participación das mozas e mozos?

A propoñer!

- ➔ Que pasos son necesarios para que as mozas e mozos poidan participar? Valen para todos os ámbitos?
- ➔ De que maneira poderían as mozas e mozos participar máis cando se deciden as cousas?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérnolas chegar! [Link excel](#)

E os cómics escaneados se queredes, tamén! Subíndoos ao cartafol do Drive que crearemos para o voso grupo.

Suxerencias para adaptar a actividade

- ➔ Pódese variar o formato da actividade e crear pequenos vídeos de TikTok en lugar de facer o cómic.

SE QUERDES SEGUIR COÑECENDO E OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!







Título do cómic _____

Andrea e Amaral non están de acordo co que está pasando...



E así conseguiron que se tivera en conta a súa opinión

“LIVING A CELEBRATION”

PARTICIPACIÓN POR SABER-QUERER-PODER	 TEMA	 FINALIDADE DA ACTIVIDADE	 DURACIÓN	 MATERIAIS	 OBXECTIVOS
	<p>Onde participar? Espazos e alcance</p>	<p>Facer a planificación dun acto para celebrar o Día dos Dereitos da Infancia no mes de novembro</p>	<p>45-60´</p>	<p>Ficha de quebracabezas con preguntas e bolígrafos</p>	<p>Coñecer onde participar, tanto nos espazos (fogar, centro educativo, espazo comunitario...) como no alcance que teñen as opinións e propostas que se fan (grupal, local, autonómico, estatal) Reflexionar sobre as dificultades que existen nos diferentes espazos e ámbitos onde se participa</p>

OLA,
EQUIPO
EDUCATIVO!

SABÍAS QUE...

as nenas, nenos e adolescentes poden e deben participar en todos os espazos para poder tomar parte nas decisións que lles afectan?

Os ESPAZOS deben ser seus e reais:

- **O lugar no que viven:** debe recoñecer e fomentar o dereito a participar a través da negociación, o intercambio de informacións, a corresponsabilidade, etc., sen importar o modelo de fogar senón o rol que este cumpre.
- **O centro educativo:** debe recoñecer e fomentar o dereito a participar a través de iniciativas que permitan ao alumnado intervir na organización e na toma de decisións a través de estruturas establecidas.
- **O espazo comunitario (barrio, pobo, cidade...):** o lugar onde se está en contacto co resto da cidadanía debe recoñecer e fomentar o dereito a participar como parte da construción dun proxecto común.

O ALCANCE da participación cidadá debe empezar desde a contorna máis próxima ata a máis global. Onde se toman decisións, xa sexa **a nivel local ou municipal, a nivel autonómico ou a nivel estatal...** as nenas, nenos e adolescentes.

Antes da actividade

- Asegurar que hai posibilidade de realizar un acto ou evento conmemorativo dos Dereitos da Infancia antes de facerlles a proposta ás mozas e mozos.
- Imprimir a plantilla do quebracabezas en grande e recortar as pezas.

OLA, MOZAS E MOZOS! INVITÁMOSVOS A...

que planifiquedes un acto para celebrar o día dos dereitos da infancia e da adolescencia!!

- 1º Tendes que poñervos de acordo entre todo o grupo sobre o tipo de acto ou celebración que vos gustaría facer. Algunhas ideas poden ser: unha asemblea con persoas da vosa contorna (peques e maiores), unha xornada de xogos e talleres, unha marcha polos dereitos, unha manifestación, etc.
- 2º Unha vez decidido o tipo de actividade, hai que planificala. Para iso, tendes que facer pequenos grupos e repartir as pezas do quebracabezas con preguntas. Podedes facelo para que a cada grupo lle toque unha peza ao azar ou decidir a peza que quere encher cada grupo.
- 3º Tendes un tempo límite para contestar as preguntas do quebracabezas. Podedes facer máis dunha peza por grupo se a pregunta é rápida de contestar, por exemplo, "Onde?" e "Cando?".
- 4º Cando acabe o tempo poñédolo en común para facer achegas a outras pezas e que todo teña coherencia conseguindo así o consenso da planificación.
- 5º Ao final podedes abrir un coloquio para falar sobre os pasos que se necesitan para levar a cabo unha actividade, incluso os pasos que destes para poñer en marcha esta planificación: desde opinar para dar ideas ata traballar en equipo ou que ides facer agora co planificado. Tamén...

...para reflexionar

- Creedes que estar implicadas e implicados nos sitios onde se planifican e deciden as cousas é positivo? Por que?
- En que lugares creedes que participan e toman máis decisións as mozas e mozos? Por que?
- Hai algún lugar onde non se escoita nunca á infancia e á adolescencia?
- Ata onde creedes que chegan as opinións das nenas, nenos e adolescentes? Que alcance teñen as vosas opinións? Por que?

A propoñer!


- Como deberían mellorar os lugares onde se participa?
- Como fariades para que as opinións das nenas, nenos e adolescentes chegasen a máis xente? E ás persoas que deciden as cousas?
- En que decisións políticas gustaríavos poder participar? Como o fariades?

Acordádevos de recoller opinións e propostas na ficha de conclusións e facérmolas chegar! [Link excel](#)

Suxerencias para adaptar a actividade

- Pódese facer un plan máis simple, utilizando un quebracabezas con menos pezas e reducindo o número de preguntas. Se hai decisións que non van poder tomar e non se vai a ter en conta a súa opinión, mellor non incluílas.
- Pódese facer máis dinámico tendo que conseguir as pezas do quebracabezas: escondéndoas, pasando pequenas probas, contestando a algunhas preguntas, etc.

SE QUEREDES SEGUIR COÑECENDO E
OPINANDO SOBRE A PARTICIPACIÓN, BOTADE
UNHA OLLADA ÁS OUTRAS ACTIVIDADES!



Que?
(Título da actividade)

Para que?
(Obxectivos)

Para quen?
(Persoas destinatarias)

Como?
(Pasos a seguir)

Quenes?
(Reparto de tarefas)

Cando?
(Data e horario)

Onde?
(Lugar)

Con que?
(Materiais necesarios)

Por que?
(Razón pola que se fai)